



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PARA O FINANCIAMENTO DA REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS E SECUNDARIOS DA REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE CARÁCTER PÚBLICO EN TERREOS DAS PARROQUIAS DE SOBRADA DE AGUIAR (SANTA M^a MADALENA), SAN FIZ DE PAZ (SAN PEDRO FIZ), ARCOS (SAN PEDRO) E SAN LORENZO DE AGUIAR

A Consellería do Medio Rural, na forma establecida no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española e no Estatuto de autonomía.

Dentro das funcións da Consellería do Medio Rural atópase, segundo o citado Decreto 149/2018, do 5 de decembro, o exercicio das funcións no referente a todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

No mencionado ámbito material constitúe un dos obxectivos mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias de acordo co artigo 2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Antecedentes:

- 1.- O concello de Outeiro de Rei considera necesaria a reestruturación parcelaria de carácter público en terreos das parroquias de Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar.
- 2.- Co obxecto de acadar as maiorías necesarias previstas no artigo 6 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, o 6 de marzo de 2018 foron remitidas ao Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería do Medio Rural as sinaturas e os datos de persoas e titulares de explotacións interesadas no proceso de reestruturación parcelaria de carácter público das parroquias de Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar.
- 3.- O 28 de xaneiro de 2016 o secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental xa resolvera a declaración de impacto ambiental favorable da zona de concentración parcelaria das parroquias de Sobrada, Paz, Arcos e Aguiar, de acordo co disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2008, do 1 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.
- 4.- De acordo co que establece o artigo 7 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, expuxéronse os anuncios por parroquias como medio de consulta a tódalas persoas físicas e xurídicas interesadas na zona de reestruturación parcelaria.
- 5.- Conforme ao artigo 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, elaboráronse os estudos previos de de iniciación para as catro parroquias co contido e tramitación establecido no dito artigo.





6.- A finalidade principal da reestruturación parcelaria é reorganizar a propiedade rústica onde o parcelamento reviste caracteres de acusada gravidade. Tratando de adxudicar a cada propietario, en couto redondo ou no número mais reducido de predios de substitución, unha superficie equivalente en clase de terra e cultivo á das parcelas achegadas. Preténdese que coa nova reorganización da propiedade, se consigan melloras na rendibilidade económica das explotacións, coas conseguintes melloras territoriais tanto xurídicas como sociais.

Con carácter xeral pode asegurarse que haberá unha mellora con respecto da actual situación de distribución da propiedade, dada que a superficie dos predios de substitución aumentan de superficie con respecto as achegas, incrementando a súa produción e cunha sensible baixa nos custos.

Por outra banda, dado o abandono progresivo das producións agrícolas e gandeiras, debido en parte o envellecemento da poboación residente no rural, necesítase unha mellora estrutural para dar a posibilidade de incorporación o medio rural das novas xeracións.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Outeiro de Rei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata a entrega das obras ao Concello, sen que poida exceder do máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público. Así mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

O convenio ten por obxecto o financiamento da rede de camiños principais e secundarios, para dotar de acceso aos novos predios de substitución no procedemento de reestruturación parcelaria de carácter público en terreos das parroquias de Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A necesidade de reorganizar a propiedade rústica onde o parcelamento reviste caracteres de acusada gravidade, tratando de adxudicar a cada propietario, en couto redondo ou no número mais reducido de predios de substitución, unha superficie equivalente en clase de terra e cultivo á das parcelas achegadas. Preténdese que coa nova reorganización da propiedade, se consigan melloras na rendibilidade económica das explotacións, coas conseguintes melloras territoriais tanto xurídicas como sociais.

De acordo co artigo 65.4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, a Consellería do Medio Rural poderá establecer convenios de colaboración coas deputacións, concellos e organismos do Estado para o financiamento e a execución total ou parcial, por parte deles, das obras a que fai referencia o artigo 60.2 nas alíneas a), b), d) e e). Estas obras executaranse conforme os proxectos técnicos a que fai referencia o artigo 63, sendo coordinadas por un técnico do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria nomeado pola persoa titular da xefatura territorial correspondente.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.





Este Convenio ten natureza administrativa e para a súa tramitación tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local e demais normas de dereito administrativo.

Santiago de Compostela

O director xeral de Desenvolvemento Rural

ASINADO DIXITALMENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois

